



COSTA DE ARES

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: percorrido circular con desvíos 35 km. 3 km máis se imos de Cervás polo castelo da Palma
Dificultade: media



- 1-Punta de San Martiño
- 2-Costa da ría de Ferrol
- 3-A Moa
- 4-Punta Segañó
- 5-Enseada e praia de Chanteiro
- 6-Punta Coitelada
- 7-Punta Seira
- 8-Enseada de Areoso
- 9-Punta Avarenta
- 10-O Figueirido. Punta Promontorio
- 11-Punta Insuela.
Castro de Santa Mariña
- 12-Punta do Boi
- 13-Punta de Augamexa
- 14-Praia da Barrosa
- 15-Punta e illote da Miranda.
Punta da Gurita.

- 16-Praias de Colado, A Ribada,
As Estacas e Centeás.
Puntas das Estacas e Centeás
- 17-Puntas Sardiñeiro e da Cruz
- 18-Punta do Castelo e porto de Ares
- 19-Enseada de Ares
- 20-ARES. Praia de Ares.
- 21-Praia da Cascada
- 22-Punta e praias da Campa
(O Castro)
- 23-Praias de Seselle
(A Campa e O Raso)
- 24-Punta e illa Mourón
- 25-Praia de Sabadelle
- 26-Puntas Agra e O Castelo
- 27-Redes
- 28-Praia do Río Sandeo

O concello de Ares está situado no extremo da península que separa as rías de Ferrol e Betanzos-Ares.

A costa de Ares ten varias partes totalmente diferentes: a costa que se atopa máis preto do mar aberto, a que separa as rías de Ares-Betanzos e Ferrol, é abrupta, de perfil elevado e cantís de caída vertical de ata 50 m de altura, coas puntas de máis afora (Segañó e Coitelada) graníticas, con formas rochosas redondeadas ou acasteladas, e o resto de xistos e lousas que lle dan un aspecto típico, de paredes verticais, moi recortado e con numerosos entrantes e saíntes que penetran no mar como ringleiras de coitelos; o tramo arredor de Ares, e recollido na súa enseada, presenta unha costa baixa e areosa na que as praias forman un cordón continuo; desde a punta do Mourón, e ata o límite do concello, a costa volve gañar altura e verticalidade e ten pequenos seos que acollen praias e, o de maior tamaño, a localidade de Redes.

Percorrela non é doado porque o relevo dificulta o trazado de camiños pola beira, a maiores unha gran parte atópase lonxe das poboacións por non ter accesos doados nin abrigos que faciliten os asentamentos, e a isto hai que engadirlle que unha parte estivo ocupada por instalacións militares. Hai pistas de terra transitables para turismos e algunhas estradiñas interiores que comunican lugares que nos permiten achegarnos a varios puntos de interese. Unha parte do litoral (desde o linde do concello ata a punta Avarenta) está protexido no LIC "Costa Ártabra".

PERCORRIDO

Saíndo de Ares pola estrada sinalizada desde a localidade que vai a Cervás e Chanteiro seguindo os indicadores podemos ir a **punta Segaña** desde Chanteiro por pista de terra a onde tamén podemos ir a pé (1,2 km máis volta) (En Segaña temos unha boa panorámica da entrada da ría de Ferrol, do porto exterior e da punta Coitelada). De volta collemos o primeiro desvío á dereita e baixamos a **Chanteiro**. Deixando o coche no aparcamento que hai ao pé da ermida podemos achegarnos á praia da que xa tivemos unha boa vista cando viñamos pola estrada, e ir desde alí á **punta Coitelada** (1,3 km máis volta). Para ir á punta Coitelada en coche temos que saír de Chanteiro cara a Ares e a uns 600 m, na Fonte do Cal, coller un desvío á dereita que nuns 2 km, a metade por pista de terra, para non perdernos pasado o lugar de Sobre da Area a pista bifúrcase e temos que coller polo ramal da dereita. De volta na estrada principal temos a 600 m nunha zona de curvas un desvío á dereita que nos leva á punta Avarenta

De volta da punta Coitelada ao pouco de chegarmos á parte asfaltada temos unha pista de terra que sae de fronte, á dereita nunha curva á esquerda, pola que podemos ir á **punta Avarenta** aforrando a metade da distancia que se o facemos desde a estrada principal.

Da punta Avarenta volvemos á estrada para seguir ata Cervás (1,5 km) onde collemos un desvío á dereita para O Penedo e nel, a uns 400 m atopamos unha sinal de madeira que indica **castro de Santa Mariña** e **Cova dos Mouros** o desvío de terra ten ao pouco outro, á esquerda, sinalizado como estrada sen saída que nos achega aos lugares indicados nunha zona de altos cantís (**Punta Insuela**) e curiosas formas nas rochas. O castro conserva o foxo e parte do valado defensivo e na croa restos dunhas construcións recentes. A cova atópase á esquerda do castro, na beira do cantil, é un furado do que sae unha pequena regueira que cae facendo unha fervenciña. Voltamos á estrada e seguímola collendo sempre os desvíos á dereita pasamos por Maiobre atopamos outros sinais un á **punta do Boi** e máis adiante ao **miradoiro de Augamexa** pero fóra da estrada non hai máis indicacións e os camiños non levan a ningún lugar especial. 2,5 km adiante do cruce que nos levou ao castro de Santa Mariña a estrada achégase ao mar preto da **punta das Mirandas** e ao pé da primeira casa que temos á dereita da estrada hai un camiño que dá acceso ás escaleiras que permiten salvar os 30 m de desnivel que temos para baixar á **praia da Barrosa**. Unha camiñada de 2 km permítenos ver de preto as outras praias da contorna (**Colado, Estacas e Centeás**) todas elas na parte baixa de cantís de máis de 20 m de altura con escaleiras de acceso. Voltando á estrada en 1,5 km atopámonos por enriba do **porto de Ares**, desde onde hai unha fermosa panorámica da enseada e da vila, uns 500 m despois entramos na vila e collendo pola rúa da dereita saímos ao porto. De volta do porto a estrada vai por rúas interiores ata **A Ciscada** un bo sitio para parar e dar unha volta polo parque, pola beira da area...

Da rotonda da Ciscada temos 1,3 km ata a baixada a **praia de Seselle**, e 600 m máis adiante a baixada á **praia do Raso** (na baixada ao Raso só se circula nun sentido e para volver á estrada, uns 500 m máis adiante, hai que facer un percorrido duns 1,6 km). Da saída do Raso ao aparcamento de **Redes** quedánnos 1,3 km e desde ahí temos que camiñar para ver o que nos falta, baixar ao porto, percorrer a localidade e achegarnos ao **castelo** e á **praia de Area Morta** onde podemos dar por rematado o circuito.

Para ir á **praia do río Sandeu** temos que ir ao Cotillón, en Fene, e alí coller o desvío ás praias (3 km máis volta) porque desde Ares non ten acceso.




RÍA DE FERROL


Está limitada polo cabo Prioriño no norte e a punta da Coitelada no sur. Acada 17 km de lonxitude e 2 km de largor medio. É unha ría con dúas partes ben definidas: unha canle de entrada estreita coas beiras escarpadas e un interior amplo con varias enseadas. O río principal é o Grande de Xubia. As rochas dominantes son granitos na zona da boca e xistos no interior. É unha ría dunha grande riqueza biolóxica que está densamente poboada e con grande actividade industrial.



Vista da parte exterior da ría de Ferrol, entre as puntas Segaña e cabo Prioriño Pequeno, desde o miradoiro da Bailadora, un excelente punto panorámico sobre a ría de Ferrol ao que se accede desde Cervás.



1-Punta de San Martiño



2-Costa da ría de Ferrol



Puntas Segaiño e A Coitelada entre as rías de Ferrol e Ares-Betanzos



3-A Moa



4-Punta Segaiño






5-Enseada e praia de Chanteiro



Enseada de Chanteiro


6-Punta Coitelada




Punta Coitelada



7-Punta Seira



8-Enseada de Areoso






9-Punta Avarenta



Vista desde punta Avarenta



10-O Figueirido. Punta Promontorio




11-Punta Insuela



Castro de Santa Mariña



12-Punta do Boi





14-Praia da Barrosa



Pregues nas rochas da praia da Barrosa



Punta da Gurita



Punta da Gurita



15-Punta e illote da Miranda.



Punta da Miranda.



16-Praia de Colado



16-Praia de Colado



Praia da Ribada



Praia e punta das Estacas



Praia e punta de Centeás




17-Punta Sardiñeiro



Punta da Cruz



18-Punta do Castelo



Porto de Ares


RÍA DE ARES-BETANZOS

As rías de Ares e Betanzos comparten unha grande parte da súa extensión nunha boca común entre a punta Coitelada e a costa de Dexo.


A ría de Ares é a ría do Golfo Ártabro formada polo río máis longo e caudaloso da zona, o Eume, que baixa desde a serra do Xistral. O fondo, entre o final das Fragas do Eume e a frecha de Cabanas está ocupado por sedimentos entre os que o río forma amplos meandros. Desde Cabanas ata a punta de Camouco é relativamente estreita e logo ábrese entre a enseada de Ares e a punta da Cruz, no norte e Ber no sur, para xuntarse e compartir a boca coa de Betanzos. As rochas dominantes son os xistos e nas puntas, pedra de gran.

19-Enseada de Ares O Raso. Entre a punta do Castelo e a punta do Camouco, atópase a enseada de Ares circundada por tres praias que forman un conxunto de case tres quilómetros de lonxitude: Ares, Seselle e O Raso.





20-ARES. Praia de Ares.




Ares, vila pesqueira e turística asentada no leste da enseada entre a desembocadura do rego Vieira ou Xunqueira e a punta do Castelo. Detrás o monte Faro co cumo da Bailadora.



21-Praia da Ciscada




22-Punta e praias da Campa (O Castro)



23-Praia de Seselle (A Campa)



Rochas entre as praias da Campa e O Raso





O Raso

Praias do Raso e da Campa



24-Punta e illa Mourón

O Mourón desde a praia de Sabadelle.



25-Praia de Sabadelle

Praia de Sabadelle e punta da Agra

26-Punta do Castelo (Redes)



Restos do castelo de Redes



27-Redes, pequeno e acoledor porto pesqueiro situado nunha das zonas máis abrigadas da ría.



Praia de Area Morta (Redes)




28-Praia do Río Sandeo



LIC "COSTA ÁRTABRA"

O espazo protexido abrangue, desde a punta Avarenta, en Ares, ata Mugardos, incluíndo o espazo marítimo próximo, e a costa desde o cabo Prioriño ata o cabo Ortegá, agás a área urbana de Cedeira, áreas interiores da Serra da Capelada e o curso alto do río Seixo de Landoi.

Ten un gran interese xeolóxico, paisaxístico botánico e faunístico. Inclúe ecosistemas mariños, cantís, praias e sistemas dunares, illas e illotes, lagoas e marismas, montes e brañas.



Gabbias
Herba de namorar nun cantil